

AS SIGLAS E AS ABREVIATURAS:

As **siglas** son abreviacións que se forman a partir da unión das letras iniciais de diversas palabras.

Por exemplo, RAG está formada a partir das iniciais das palabras Real Academia Galega.

As **abreviaturas** son representacións reducidas de palabras.

Exemplo: teléfono = tfno.

Exercicios:

1. Escribe en siglas os nomes das seguintes institucións:
 - Centro Galego de Arte Contemporánea: CGAC
 - Organización das Nacións Unidas:
 - Organización de Consumidores e Usuarios:
 - Universidade de Santiago de Compostela:

2. Subliña as abreviaturas do seguinte texto e indica que palabra representa cada unha:

Sr. Antón:

Se Vde. fai o favor, copie as páxs. 70 - 75 do libro *Os extraterrestres, realidade ou ficción*, métamas nun sobre e enviemo ao seg. enderezo:
Avda. De Lugo, núm. 3. C.P. 15704 Santiago de Compostela.

Sr.: Señor

3. Sabes a que corresponden as seguintes siglas?

CEIP:

ONG:

DNI:

IES:

ANPA:

UCI:

NEOLOXISMOS:

Os **neoloxismos** son as palabras que se crean para poder nomear cousas, accións, profesións, etc. que antes non existían.

Por exemplo, a palabra contacontos é un neoloxismo máis ou menos recente, creado para nomear as persoas que narran ou len contos diante dun público.

4. Localiza un neoloxismo en cada oración. Despois, indica a que campo léxico pertence.

- Mariña puxo un implante dental.
- Uxío solicitou un microcrédito para facer unha viaxe.
- Non me funciona ben a cámara web.
- A miña tía fixéronlle unha liposucción nas pernas.
- O meu irmán Breixo é mileurista.
- Regaláronme unha tableta táctil fantástica!

Economía:

Novas Tecnoloxías:

Medicina: